

1. Completa co tempo verbal máis axeitado:

- Aínda que (QUERER, vós) saír, ao final (QUEDAR) na casa.
- (TER, el) tanta sede que (BEBER) dez litros de auga.
- A semana pasada (IR, eu) a unha exposición e logo Pedro e máis eu (IR) ao cine.
- Mónica (IR) pola rúa cando (VER) unha rapaza exacta a ela.
- Onte o ceo (ESTAR) nubrado e non (HABER) ninguén na praia.
- O sábado (ESTAR, ti) de viaxe? Que sorte. Nós non (PODER) ir.
- (COMER, eles) tanto marisco na viaxe que (POÑERSE) enfermos.
- Todas as mañás (ERGUERSE, vós), (DUCHAR), (MAQUILLARSE) e (COLLER) o autobús.
- Non sabe onde (DEIXAR, el) as chaves. Probablemente as (ESQUECER) na casa.
- Agora Iria (TER) o pelo branco, pero cando (SER) nova, (TER) o cabelo negro.
- (GUSTAR, vós) vir cear o luns connosco?
- Non sei que (FACER, eles) o ano que vén. A min (GUSTAR) viaxar.
- (IR, ti) ver a última película de Tarantino? - Non, aínda non a (VER).
- Nunca na miña vida (POÑER) unha tatuaxe. (CRER) que (DEBER) prohibírselles aos menores.
- Antes a xente non (MERCAR) tantas cousas, (PREFERIR) facelas eles.
- Se eu (SER) ti, (BUSCAR) un traballo novo.
- Por que non (AFORRAR, ti) un pouco e (MERCAR) un coche?
- Que (DESEXAR, vostedes) para cear? E vostede, (PRECISAR) algo?
- Estas vacacións (IR, nós) ir esquiar. Vós que (IR). facer?
- En 2050 a xente non (LER) libros en papel e (VIVIR) moitos anos.
- Cando (CHEGAR, nós) ao restaurante, a cociña xa (PECHAR).
- Esta noite supoño que (DURMIR, eu) cedo. (ESTAR) moi cansa.
- (ESTAR, vós) algunha vez en Xapón? – Si, (ESTAR, nós) varias veces.
- Os meus avós (CASAR) en 1945 e (TER) catro fillos.
- A miña nai sempre me (DICIR) que (DEBER, eu) estudar máis.
- Os Libra (GOZAR) esta semana de boa saúde e (RECIBIR) unha sorpresa.
- De nenos sempre (IR, eles) xogar ao fútbol despois das clases.

2. Pon exemplos dos distintos tipos de castelanismos:

3. Pon tiles:

Azuis Camions Peixe Parking Oso Cordeiro Ademais Mercores Dificil

4. Identifica o complemento directo e substitúe polo pronome que corresponda:

- a. Non puxen manteiga no pan.
- b. Mercou libros para os seus fillos.
- c. Comes mazás no almorzo?
- d. Como fixeches os exercicios?
- e. Tomar vitaminas é bo para a saúde.

5. Escribe un texto empregando o maior número de tempos verbais, así como as seguintes palabras:

Oficio Quente Lóstrego Culler Loura Saia Cadela

6. A continuación vas ler unha serie de titulares. Por parellas escollede un e redactade unha nova na que respondades ás cuestións básicas. Coidado cos tempos verbais!